

REDESCUBRIR A XEOGRAFÍA DA INFANCIA

Aínda que é no eido da narrativa onde di sentirse máis capaz como escritor, Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) nunca deixou de lado a poesía. Permanece *atado* a ela por necesidade, coa convición de que só a través do verso un é quen de achegarse polo menos a intuír o misterio co que convive. Así o explica aproximadamente el mesmo na súa autobiografía, accesible na web da Biblioteca Virtual Galega.

A fonte abagañada xa lle valera no 80 o Premio de Poesía Cidade de Ourense, unha distinción que volve merecer pola riqueza léxica e o natural fluír de *Miño*, poemario que desanda as augas do tempo e revolve «nas faragullas da memoria» (entrañable imaxe



POESÍA «Miño»

Francisco X. Fernández Naval.
Espiral Maior: 100 páxinas.
15 euros. **

da páxina 14) cara á recuperación da inocencia. O Miño é a metáfora do home que regresa; ou a da vida que regresa, caprichosa e voluble contra corrente, a aquel que no 71 era pardal xogando a ser home e agora, transcorridos varios anos e uns cantos libros, sabe xa que «non hai horizonte nin retorno, tan só o vapor das perdas».

A xeografía da infancia, a hora da adolescencia, é transparente, arroutada, aglomerativa, pero á vez concisa, de imaxes e sensacións claras e redondas (entre elas, retemos a da chuvia, os avós, o gramófono, «os faiados da nenez», o calor dos magostos, as lavadeiras cantando, aquelas veces de aprenderse no amor). Pero esa beleza sen cosmético

que «os días de prata» fan agromar nos poemas de Fernández Naval só acada a revelarse a toro pasado, cando o home tivo vivido xa o necesario para poder tomar conciencia dunha perda que é relativa, en tanto que o que fomos, fixemos e soñamos non deixa de ser parte do que somos, estrañamos e queremos agora.

No primeiro tramo do libro atopará o lector un dos poemas máis difíciles da obra, *Alzheimer*; tamén, sen dúbida, un dos mellores. Fronte ao frío da desmemoria, a calor de poemas pequenos e lixeiros («Biscoito e ti, aínda nos fríos días do silencio»). Fermosos como o é a adolescencia no recordo.

Ana Abelenda